



**AS SEIS da tarde,
belísima hora para inmobilizar os reloxos,
o vento e os areeiros.**

**Abóndame co teu corpo nu,
coa calidez da túa pel inflamada de presenza.**

**Silandeiramente,
devagar,
descubro cada anaco como lugar inexplorado:
plantacións de liño antigo, centeo delgado
de luminosas espigas,
salinas fresquísimas
e auténticas,
flores insólitas,
estrelas de mar adormecendo sobre a pel.**

**Ás seis da tarde, no momento da calma,
no instante das velas
brancas,
percorro o teu corpo asolagada de estío.**

**Vento cálido que ondea, carromeiros
enfeitando os brazos,
aromas de seivas doces,
augas abalando palabras salgadas,
instantes azuis...
Á hora da tarde maina, do momento suavísimo,
apértome contra o teu corpo respirando o teu aire.**

**(Flores de liño durmidas, muíños de mar, velas dondas, espazo cálido...)
Durmimos soños de luz nun leito de buguinas brancas.**

Lucía Novas